



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA. COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE BNG, PP, ACB-SON E PSOE DE APOIO ÁS DEMANDAS DA VECIÑANZA DA ILLA DE ONS

Tras a celebración da Xunta de Voceiros o 26 de abril de 2019 os grupos municipais do BNG, PP, ACB-SON e PSOE acordan presentar ao pleno a seguinte moción conxunta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Illa de Ons, pertencente ao termo municipal do Concello de Bueu, é posuidora dun enorme patrimonio xeográfico, natural, histórico e cultural, que se mantivo ao longo dos anos grazas á contribución da veciñanza residente alí, un valor inmaterial que forma parte da nosa historia como pobo. Os datos demostran que no ano 1955 este espazo chegou a ter censadas máis de cincocentas persoas, aínda que a mediados da década dos setenta comeza a despoboarse, e a cidadanía alí residente todo o ano trasladouse a lugares de Bueu e outros municipios, onde se instalou, conservando a vivenda na Illa. Con todo, a poboación de Ons mantén uns fortes vínculos con este espazo por ter pasado alí parte da súa infancia ou da súa familia, uns lazos que non se poden eliminar e cuxos intereses é preciso defender.

Ao longo do tempo, o arquipélago de Ons (conformado por Ons e Onza) pasou de ser propiedade dunha persoa particular a mans de diversos organismos, ata ser transferida definitivamente en 1982 á Xunta de Galicia, integrándose en 2002 no Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A partir de aí, adoptáronse medidas de protección da natureza: ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves), declaración do Complexo Intermareal Ons-O Grove como Lugar de Importancia Comunitaria en 2004, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, e Zona OSPAR.

Así mesmo, entra en vigor a Lei 5/2001, de 28 de xuño, de Réxime Xurídico das Concesións na Illa de Ons: réxime de concesión sobre as vivendas, segundo a cal as persoas residentes no arquipélago pasan a ser consideradas concesionarias das casas, e negándolles o dereito de propiedade.

No pleno do 3 de novembro de 2010 aprobouse unha moción conxunta da corporación local para instar á Xunta de Galicia á modificación da Lei 5/2001 de réxime xurídico das concesións da Illa de Ons.

Avanzando un pouco máis, o pasado ano comeza a tramitarse o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas a fin de harmonizar a protección do medio ambiente e dos diversos usos económicos e sociais alí presentes. De entre os temas que se abordan, quizais o máis problemático é o relativo á xestión do cupo e como afectaría este á veciñanza, un asunto que desde o primeiro momento preocupa á veciñanza e ao Concello, polo cal convocamos unha reunión no IES Johán Carballeira o 03.05.2018.



CONCELLO DE BUEU
ALCALDÍA. COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Por iso, tamén nesta fase previa, o alcalde de Bueu e o concelleiro de medio ambiente mantiveron unha xuntanza coa daquela Directora Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, na que esta se comprometeu a que o entorno familiar, non só a familia directa, quedase exento do cupo xeral de visitantes diario que se establecece na Illa de Ons.

O 23 de marzo de 2018 publícase no Diario Oficial de Galicia o “Anuncio de 5 de marzo de 2018, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o Proyecto de decreto polo que se aproba o Plan Reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas”. A este documento, desde o Concello de Bueu remitiuse o 5 de maio de 2018 un escrito de alegacións con diversos puntos que era preciso aclarar. A alegación era a seguinte: “Os/as veciños/as con concesións sobre as vivendas e as persoas do seu ámbito familiar deben quedar fóra da capacidade de carga diaria da Illa de Ons. Para ter un control adecuado da capacidade de carga, cada concesionario terá o libre acceso a Illa e a súa vivenda e ás persoas do seu ámbito familiar mediante unha lista nominativa de cada vivenda indicando quen compón dito ámbito familiar”. Nese escrito tamén insistimos en que era preciso aclarar: “Entendemos que para o normal uso dos veciños/as das súas vivendas e o uso e disfrute das persoas de ámbito familiar que dentro desta cota teñamos un apartado de 100-150 persoas (Carga diaria) que sexan visitantes aínda que dentro do cota diaria vinculadas de forma indirecta os ámbitos familiares dos veciños/as e concesionarios de vivendas na Illa de Ons”.

En data 3 de xaneiro de 2019 chega da Dirección Xeral o escrito de resposta ás alegacións no que, con respecto ao tema anterior, se indica que “este aspecto xa figura no PRUX e foi revisada a redacción para evitar erros de interpretación. Deste xeito, as persoas propietarias ou afincadas permanentemente /temporalmente en Ons, así como os seus familiares directos, non se consideran como “visitantes” e están fóra do cupo. O mesmo sucede con calquera traballador contratado para levar a cabo o seu traballo na Illa, tanto nos locais de hostalería ou no seu mantemento, construcións, e infraestruturas públicas”, resposta que obvia a segunda parte da que o Concello solicitara aclaración. A partir da aprobación do PRUX o 18.02.2019, establécese un tope de acceso á Illa de 1.300 visitantes diarios, aos que hai que sumar 300 prazas do cámping e 200 para grupos quedando a veciñanza fóra dese cupo, pero sen explicarse baixo que termos.

O 25 de febreiro deste ano solicitouse desde o Concello unha reunión cos responsables de Parques Nacionais destinada á totalidade da veciñanza para explicar a xestión do cupo. Desá solicitude non se recibiu resposta e a comezos de abril, a Directora Xeral mantivo unha reunión cun grupo reducido de veciños e veciñas no Museo Massó, e á que o Concello non foi convidado. A raíz de aí, e sen consenso previo, a veciñanza recibe unha comunicación postal na que se indica a limitación do acceso, podendo acceder ás vivendas “os ascendentes e descendentes (dende tataravó a tataraneto) do titular da concesión”, deixando fóra aos irmáns, sobriños e demais entorno familiar. Consider-



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA. COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

amos, por tanto, que se trata dunha decisión arbitraria e limitativa, e que non se recolle no PRUX.

Desde esta corporación defendemos que os veciños e veciñas da Illa non poden ser considerados como visitantes e que, polo tanto, debe permitírselle acceder con total liberdade ás súas vivendas.

ACORDOS

Por todo o anteriormente exposto, a corporación deste Concello de Bueu, acorda:

1. Esixir á Xunta de Galicia o recoñecemento das veciñas e veciños de Ons e o seu círculo e entorno familia como elementos fundamentais de Ons, comprometéndose a garantir o exercicio dos seus dereitos, entre os que está o libre acceso á Illa, tal e como foi sempre.
2. Instar á Xunta de Galicia á creación e convocatoria dunha comisión mixta na que se consensúen as principais decisións sobre a Illa de Ons, e na que estea representada a veciñanza, o Concello e a Xunta de Galicia.

Bueu, a 6 de maio de 2019

Os voceiros/as da Corporación de Bueu:

Martín Villanueva Pastoriza (BNG)

Julio Villanueva González (ACB-SON)

José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)

Manuel Santos Pires (PP)